

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 12 DE XULLO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTE:

D. Daniel Mallo Castro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día doce de xullo do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D.^a Elisa Pestonit Barreiros, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro D. Daniel Mallo Castro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 1 DE XULLO DE 2022 E DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 5 DE XULLO DE 2022

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas da sesión extraordinaria e urxente celebrada en data 1 de xullo de 2022 e da sesión ordinaria celebrada en data 5 de xullo de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas da sesión extraordinaria e urxente realizada en data 1 de xullo de 2022 e da sesión ordinaria realizada en data 5 de xullo de 2022.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Resolución do 23 de xuño de 2022, de Augas de Galicia, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento AU301C). DOG núm. 130 do 08-07-2022.
- Avocación de competencias da 6ª tenente de alcalde do 2 ao 8 de xullo de 2022. BOP núm.130 do 11-07-2022.
- Avocación de competencias do 5º tenente de alcalde do 1 ao 13 de xullo de 2022. BOP núm.130 do 11-07-2022.
- Avocación de competencias da 3ª tenente de alcalde do 21 de xullo ao 8 de agosto de 2022. BOP núm.130 do 11-07-2022.
- Avocación de competencias da 2ª tenente de alcalde do 5 ao 10 de xullo e do 22 ao 27 de xullo de 2022. BOP núm.130 do 11-07-2022.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 1 ao 7 de xullo do 2022, que comezan coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras núm. 1202/2022 e rematan coa resolución resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras núm. 1253/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1202/2022	01-07-2022	Declaración da ineficacia da comunicación previa presentada por A.V.B. para a substitución da cuberta dunha edificación sita nos Picardos, Anceis
1203/2022	01-07-2022	Orde de execución por estado de parcela de solo urbano sita na rúa Tapia, O Temple. Propietario: C.T.y A., S.L.
1204/2022	01-07-2022	Reposición da legalidade urbanística pola realización de obras consistentes na execución de movementos de terra en parcela sita en Espírito Santo, Cecebre.
1205/2022	01-07-2022	Orde de execución por estado de parcelas sitas na rúa Muíños, O Temple. Propiedade: P.I.F. e H., S.L.
1206/2022	01-07-2022	Orde de execución por estado de parcela sita en Pena da Nosa Señora, Cambre. Propiedade: J.I.L.M. e M.J.J.M.
1207/2022	01-07-2022	Aprobación do padrón da auga do segundo trimestre do 2022
1208/2022	01-07-2022	Orde de execución por estado de parcela sita en Xan Faba. Propiedade: G.C.G.F., J.L.G.F. e F.J.G.F.
1209/2022	01-07-2022	Orde de execución por estado de parcela sita en Lendoiro, Cecebre. Propiedade: D.E.F.
1210/2022	01-07-2022	Resolución convenio colaboración entre o Concello de Cambre e o Concello de Ponteceso en materia de Policía Local
1211/2022	01-07-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 5 de xullo de 2022



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1212/2022	01-07-2022	Adxudicación co contrato menor do espectáculo teatral "Elisa e Marcela" a celebrar o domingo 3/07/2022 no Centro Sociocultural do Graxal
1213/2022	01-07-2022	Avocación de competencias da segunda tenente de alcalde, Lúa Sanguinheiro Álvarez do 5 ao 10 de xullo e do 22 ao 27 de xullo de 2022
1214/2022	01-07-2022	Avocación de competencias do quinto tenente de alcalde, don Daniel Mallo Castro, do día 1 ao 13 de xullo de 2022, ambos incluídos
1215/2022	01-07-2022	Avocación de competencias da sexta tenente de alcalde, dona María Dolores Pan Lesta, do día 2 ao día 8 de xullo de 2022, ambos incluídos
1216/2022	01-07-2022	Levantamento de reparos emitidos pola Intervención municipal á proposta de concesión de axudas de bono taxi con cargo a convocatoria do ano 2022
1217/2022	01-07-2022	Levantamento de reparos suspensivos formulados pola Intervención municipal a proposta de concesión de bolsas de estudo para o curso 2021/2022
1218/2022	04-07-2022	Tramitación de multas - 6580/2022 Resolución de primeiras alegacións
1219/2022	04-07-2022	Existencia de vertedoiro incontrolado en parcela sita na Rocha, Anceis. Propiedade: L.A.V.G.
1220/2022	04-07-2022	Orde de execución por vertidos en Mosteiro, Bribes. Propiedade: M.D.A.P.
1221/2022	04-07-2022	Orde de execución por estado de parcela sita en Meixigo, Cambre. Propiedade: S.M.F.K.
1222/2022	04-07-2022	Orde de execución por estado de parcela sita en San Paio, Brexo. Propiedade: M.B.B.E.
1223/2022	04-07-2022	Orde de execución por vertidos en parcela sita en Espírito Santo, Cecebre. Propiedade: Herdeiros M.M.R.
1224/2022	04-07-2022	Declaración de caducidade da licenza para construción de vivenda en Socampo, Cambre. Propiedade: M.D.F.M.
1225/2022	04-07-2022	Declaración de caducidade da licenza para construción de vivenda en Aldea de Arriba, Cecebre. Propiedade: J.L.L.G.
1226/2022	04-07-2022	Aprobación de facturas e gastos e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 33.536,40 euros
1227/2022	04-07-2022	Resolución de axudas de bonotaxi para o exercicio 2022
1228/2022	04-07-2022	Resolución nomeamento administrativo interino adscrito á Tesourería
1229/2022	05-07-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 13.540,61 €
1230/2022	05-07-2022	Celebración voda civil o día 9 de xullo ás 13:30 horas.
1231/2022	05-07-2022	Tramitación de multas - 6351/2022 Resolución de primeiras alegacións ordinario
1232/2022	05-07-2022	Avocación de competencias da terceira tenente de alcalde, dona Elisa Pestonit Barreiros, do día 21 de xullo ao día 8 de agosto de 2022, ambos incluídos
1233/2022	05-07-2022	Orde de execución por deficiente estado de edificio sito en Amil, Cambre. Referencia catastral 2939808nh5923n0001ww
1234/2022	05-07-2022	Estimación da solicitude de devolución de ingresos indebidos presentada por J.M.V.F. do imposto sobre construcións, instalacións e obras expediente 2018/U022/000045



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1235/2022	05-07-2022	Proposta de estimación da solicitude de devolución de ingresos indebidos de E.E.V., de taxa por outorgamento de licenza urbanística de segregación por desistencia
1236/2022	05-07-2022	Autorización para ocupación de espazo público con instalación dunha carpa e mesa informativa diante do centro de saúde do Temple, o día 7 de xullo de 2022, co obxecto de realizar unha campaña informativa relativa á Sanidade.
1237/2022	05-07-2022	Orde de execución polo deficiente estado de inmovible sito en Amil, Cambre. Referencia catastral: 2939808nh5923n000e
1238/2022	05-07-2022	Reposición da legalidade urbanística por acopios e peches metálicos no linde co camiño público 1c.1.0092, en Fabás, Pravio. Propiedade: P.L.C., S.L.
1239/2022	05-07-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para gastos farmacéuticos a N.B.B. por importe de 84,32 euros
1240/2022	05-07-2022	Reposición da legalidade urbanística por existencia duns peches metálicos (linde co camiño público municipal 1C.1.0092) e acopios diversos na parcela sita en Pastel, Pravio. Propiedade: Herdeiros de I.B.C.
1241/2022	05-07-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro a V.M.G.P. por importe de 350 euros
1242/2022	05-07-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro a J.A.M.V. por importe de 260 euros
1243/2022	05-07-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a E.K. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1244/2022	05-07-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 80.339,92 €
1245/2022	06-07-2022	Expediente sancionador por ouriñar na vía pública, rúa María Mariño, O Temple. Denunciado: A.S.B.
1246/2022	06-07-2022	Multas de trafico - 9950000026195 Acordos de inicio
1247/2022	06-07-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a M.D.M.R. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1248/2022	06-07-2022	Denegación axuda emerxencia social alimentación a L.S.D. por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza reguladora
1249/2022	07-07-2022	Aprobación do padrón do prezo público por actividades extraescolares en períodos vacacionais: "Obradoiros de Semana Santa 2022"
1250/2022	07-07-2022	Concesión e denegación da axuda de bolsas de estudo para o curso escolar 2021-2022
1251/2022	07-07-2022	Declaración de ineficacia da comunicación previa presentada por E.R.C. para a instalación dun soportal illado en finca sita no lugar de Meixigo, Cambre
1252/2022	07-07-2022	Celebración voda civil o 23 de xullo de 2022 ás 12 horas.
1253/2022	07-07-2022	Reposición da legalidade urbanística por realización dunha actividade de hípica e realización de obras en finca sita en Drozo, Anceis sen título habilitante municipal. Propiedade: C.S.V.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local os seguintes asuntos:

- A) Aprobación do proxecto “PBE Mellora funcional e da accesibilidade do parque Ramón Barba. Concello de Cambre. Fase 2”. Expediente: 20/G006/000171
- B) Proposta de devolución da garantía definitiva por importe de 2.799,44 euros á empresa “CYS Hispania, S.L.” adxudicataria da obra de “Reforma das pistas polideportivas cubertas dos Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo)”, obra incluída no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS +2017. Expediente: 2017/C003/000008
- C) Proposta de devolución da garantía definitiva por importe de 809,66 euros á empresa “SUTEGA MOBILIARIO, S.L.” adxudicataria do “Lote 2 Mobiliario para aulas, comedor, material de seguridade e salas administrativas” do contrato para a “Subministración de Equipamento - Mobiliario para o centro de Educación Preescolar de A Barcala (Cambre)”. Expediente 2005/47-8 SUM.

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a urxencia dos asuntos anteriormente citados, é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

- A) APROBACIÓN DO PROXECTO “PBE MELLORA FUNCIONAL E DA ACCESIBILIDADE DO PARQUE RAMÓN BARBA. CONCELLO DE CAMBRE. FASE 2”. EXPEDIENTE: 20/G006/000171

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 11 de xullo de 2022 (CVD: nTfkRz2AXixBc4Kb+Art), relativa á “Aprobación do proxecto PBE Mellora funcional e da accesibilidade do parque Ramón Barba. Concello de Cambre. Fase 2”. Expediente: 20/G006/000171”, que transcrita di:

«PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE URBANISMO E OBRAS Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local, con data 28 de decembro de 2021, acordou adxudicar a contratación do “Servizo de asistencia técnica para redacción do proxecto básico e de execución para a mellora funcional e a accesibilidade do parque Ramón Barba. Cambre”, á licitadora María Morán Castillo (Expediente núm. 2021/C002/000167).

Visto o proxecto denominado “*PBE Mellora funcional e da accesibilidade do parque Ramón Barba. Concello de Cambre. Fase 2*”, redactado pola arquitecta María Morán Castillo (nº 2592 COAG), asinado electronicamente o 23 de xuño de 2022.

Visto o informe de conformidade técnica ao proxecto externo, asinado polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, o día 8 de xullo de 2022 (CVD: kfZiklhqcCR+ILzEaFv1).

Este proxecto ten por obxecto a eliminación das barreiras arquitectónicas existentes, executando as ramplas que comuniquen os espazos situados nas distintas cotas nun modo fluído e dinámico.

Tamén se propón unha mellora da funcionalidade coa creación de novos usos nos espazos existentes, unha “Zona Senior” na que se propoña e facilite a socialización e unha “Zona Infantil” na que se recolle un circuito de Pumptrack para nenos (ideade de 3 a 5 anos). Estas actuacións incrementan a potencialidade dos espazos existentes dotando ao parque de novas funcionalidades que inviten aos usuarios ao seu desfrute.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Único.- Aprobar o proxecto denominado “PBE Mellora funcional e da accesibilidade do parque Ramón Barba. Concello de Cambre.Fase 2”, redactado pola arquitecta María Morán Castillo (nº 2592 COAG), asinado electronicamente o 23 de xuño de 2022, e coa conformidade técnica do arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, do día 8 de xullo de 2022 (CVD: kfZiklhqcCR+ILzEaFv1).»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras de data 11 de xullo de 2022 (CVD: nTfkRz2AXixBc4Kb+Art), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

B) PROPOSTA DE DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA POR IMPORTE DE 2.799,44 EUROS Á EMPRESA “CYS HISPANIA, S.L.” ADXUDICATARIA DA OBRA DE “REFORMA DAS PISTAS POLIDEPORTIVAS CUBERTAS DOS CAMPÓNS (SIGRÁS) E BERNARDO BISH (BREXO)”, OBRA INCLUIDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +2017. EXPEDIENTE: 2017/C003/000008

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de xullo de 2022 (CVD: 6SAq5Skd31MFaRmX8Fv8), relativa á “Proposta de devolución da garantía definitiva por importe de 2.799,44 euros á empresa “CYS Hispania, S.L.” adxudicataria da obra de “Reforma das pistas polideportivas cubertas dos Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo)”, obra incluída no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS +2017. Expediente: 2017/C003/000008”, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que con data 1 de febreiro de 2018, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade “CYS Hispania, S.L.” para a obra de “Reforma das pistas polideportivas cubertas dos Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo)”, obra incluída no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS +2017. Expediente 2017/C003/000008.

Visto que no antedito expediente consta depositado na Tesourería municipal, con número de rexistro 790 e data 17/01/2018, o importe de 2.799,44 euros en concepto de garantía definitiva por medio de certificado de seguro de caución emitido pola entidade “Atradius crédito y caución S.A. de Seguros y Reaseguros”, con número 4.184.231 e data 4/01/2018.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo arquitecto municipal, con data do 26 de maio de 2022.

Visto o informe de fiscalización emitido pola Intervención Municipal con data do 10/07/2022.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva por importe de 2.799,44 euros á empresa “CYS Hispania S.L.”, con CIF B7428**** e enderezo social na rúa República del Salvador nº 6, baixo, 15701 Santiago de Compostela (A Coruña) no expediente para a obra “*Reforma das pistas polideportivas cubertas dos Campóns (Sigrás) e Bernardo Bish (Brexo)*”, obra incluída no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS +2017 (expediente 2017/C003/000008).

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de xullo de 2022 (CVD: 6SAq5Skd31MFaRmX8Fv8), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

C) PROPOSTA DE DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA POR IMPORTE DE 809,66 EUROS Á EMPRESA “SUTEGA MOBILIARIO, S.L.” ADXUDICATARIA DO “LOTE 2 MOBILIARIO PARA AULAS, COMEDOR, MATERIAL DE SEGURIDADE E SALAS ADMINISTRATIVAS” DO CONTRATO PARA A “SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO - MOBILIARIO PARA O CENTRO DE EDUCACIÓN PREESCOLAR DE A BARCALA (CAMBRE)”. EXPEDIENTE 2005/47-8 SUM.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de xuño de 2022 (CVD: LISagH8k2U/QoxGITk0g), relativa á “Proposta de devolución da garantía definitiva por importe de 809,66 euros á empresa “SUTEGA MOBILIARIO,

S.L.” adxudicataria do Lote 2 Mobiliario para aulas, comedor, material de seguridade e salas administrativas” do contrato para a “Subministración de Equipamento - Mobiliario para o centro de Educación Preescolar de A Barcala (Cambre)”. Expediente 2005/47-8 SUM., que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que con data 20 de decembro de 2005, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade “SUTEGA MOBILIARIO, S.L.” para o “Lote 2 Mobiliario para aulas, comedor, material de seguridade e salas administrativas” do contrato para a “Subministración de Equipamento - Mobiliario para o centro de Educación Preescolar de A Barcala (Cambre)”. Expediente 2005/47-8 SUM.

Visto que no antedito expediente consta depositado na Tesourería municipal, con número de rexistro 62 e data 20/12/2005, o importe de 809,66 euros en concepto de garantía definitiva por medio AFIGAL.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola coordinadora de Servizos sociais municipal con data do 26 de maio de 2022.

Visto o informe de fiscalización emitido pola Intervención Municipal con número 296/2022 e data do 10/07/2022, favorable á devolución da garantía definitiva.

A teor do establecido no art. 47 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2000, de 16 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das adminsitracions publicas, e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a garantía definitiva por importe de 809,66 euros á empresa “SUTEGA MOBILIARIO, S.L.”, con CIF A15633258 e enderezo social en Ronda de Nelle 135 baixo, 15010 A Coruña, adxudicataria do “Lote 2 Mobiliario para aulas, comedor, material de seguridade e salas administrativas” do contrato para a “Subministración de Equipamento - Mobiliario para o centro de Educación Preescolar de A Barcala (Cambre)”(expediente 2005/47-8 SUM).

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a



Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de xullo de 2022 (CVD: LISagH8k2U/QoxGITk0g), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo